

Eu son dunha familia de labradores, que vivían sen que nos faltase o fundamental nos tempos de fame da posguerra, da cartilla, o pouco pan, do pouco aceite e das lentellas. O cura da parroquia tratábanos ben, pero eu era desconfiada desde pequeniña e revireime contra a igrexa logo de empezar a confesarme, polas preguntas que me facían os cregos, o abade e outros, que eu probaba para ver se algún era máis prudente. Pero todos tiñan a mesma teima.

Finxín moitos anos ata que coñecín o que ía ser o meu mozo, que era protestante, e fillo dun señor que se dicía que lle viñeran un veciño falanxista dicirlle “Se quero, mátoo, por herexe” e el respondéralle “Pois daquela mandábame ao ceo dun tiro”.

Eles sempre me falaron de que ían vir para a Arxentina porque alí en Lugo vivían con moito rigor, por todo. Todo se lles dificultaba.

Eu entregueime a El-Señor e fun bautizada. Daquela quixen entrar a traballar nunha fábrica de camisas, pero tiña que facer o Servizo Social. Entón, cando chegou a primeira aula de Relixión, díxenlle ao profesor, que era un crego, claro: “Mire, eu non lle creo nas imaxes e non me vou axeonllar. Se quere, quedo. Se non, marchó”. Expúxenme a un castigo, pero librei porque aquel home quixo. Díxome “Vaite a onde te leve a túa consciencia”.

Na fábrica correuse a historia e mirábanme con malos ollos. Todo era moi difícil e eu tamén entendín que cumpría marchar; sobre todo se quería casar co meu mozo, porque me esixían a apostasía.

Daquela emigrou a súa familia toda. Esperamos a que eles tivesen arranxada a vida acá e tramitamos o casamento por poderes. Co cal eu viaxei casada e neste país celebramos matrimonio sen impedimentos.

Eu nunca tería deixado o meu país e a miña familia, porque unha é de onde a coñecen ata as pedras. Pero, sendo descoñecida en Buenos

Aires, daba a vida a sensación de poder ser protestante sen que ninguén te fose agredir ou ofender, como en España.

Foi unha ilusión grande o formarmos igrexa, con tantos irmáns galegos coma nós, e cos brazos abertos a crentes de todas as partes do mundo que se achegaban ao noso local humilde, de onde xurdiu unha igrexa viva.